



CENTRO DE COMPETENCIAS EN COMERCIO ELECTRÓNICO

Avenida de Vigo, s/n, Campus Sur – Edificio CESGA
15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf.: 981-56 98 10, Fax: 981- 59 46 16
www.e-negociogalicia.com
info@e-negociogalicia.com

Data: / Date:	01/04/2003
A/Attn: / To:	Sección Local
De:/From:	Centro de Competencias en Comercio Electrónico
Páxs. / Pags.:	1 de 6

ASUNTO:

1. **Informe e-Barómetro 2002 na provincia de Lugo:** Hábitos dos lugueses respecto a Internet e o comercio electrónico.
2. **Curso gratuito de comercio electrónico** en Lugo.
Obxecto: Curso de comercio electrónico para PEMEs en Lugo.
Días: 9, 10 e 11 de abril.
Hora: De 16:00 a 20:00
Lugar: Aula de Productos Lácteos - Centro Multimedia.

Hábitos dos lugueses respecto a Internet e o comercio electrónico

O Informe e-Barómetro 2002, elaborado polo Centro de Competencias en Comercio Electrónico, reflicte que Lugo está por debaixo da media galega no tocante ó emprego de Internet e o comercio electrónico. Para fomentar o uso da Rede e o comercio electrónico, o Centro de Competencias organiza a próxima semana un curso na cidade de Lugo dirixido a empresarios e persoal de PEMEs.

O Informe e-Barómetro 2002 de Usuarios, que publica o Centro de Competencias a partir dun estudio do Equipo de Investigacións Políticas e Sociolóxicas da USC, céntrase na presenza de recursos informáticos (ordenadores e Internet) e no emprego do comercio electrónico nos fogares da galegos.

Este informe revela que a **provincia de Lugo** está por debaixo da media galega no tocante ó emprego de Internet e o comercio electrónico. Os datos que amosan esta diferenza poden consultarse nas páxinas que se adxuntan neste informe.

Para recurtar distancias coa media galega e fomentar o emprego da Rede e o comercio electrónico en Lugo, o Centro de Competencias organiza a vindeira semana na cidade de Lugo un curso gratuito de comercio electrónico dirixido a empresarios e persoal de PEMEs. Datos do curso:

CURSO DE COMERCIO ELECTRÓNICO		
DATA	LUGAR	HORARIO
9, 10 e 11 de abril	Aula de Productos Lácteos (Recinto Feiral, El Palomar sn - LUGO)	16:00 a 20:00
Inscripcións	www.e-negociogalicia.com/formacion Tlf: 981 – 56 98 10	

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico é un organismo dependente da Consellería de Innovación, de Industria e Comercio da Xunta de Galicia e conta co apoio do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e do Foro Si-Galicia.

Ficha técnica do e-Barómetro 2002 Usuarios:

DATOS GALICIA

Ámbito: Galicia.

Universo: fogares galegos.

Tipo de enquisa: C.A.T.I.

A mostra: municipios de Galicia estratificados segundo o seu tamaño poboacional.

Tamaño da mostra: 925 fogares.

Selección de entrevistas: individuos que cumpriron 16 anos.


Erro mostral: nivel de confianza do 95%. p=q. t3.50% (conxunto de Galicia)

Datos de realización: ano 2002.

Ordenadores no fogar

Lugo está case sete puntos por debaixo da media galega en canto a presenza de ordenadores persoais (Pc) nos fogares, unha diferenza sensible que pode ter a súa explicación na dispersión xeográfica da provincia e no predominio do medio rural sobre o medio urbano. Deste xeito, soamente un de cada tres lugueses (aproximadamente) ten Pc na súa casa.

	Galicia	Lugo
Teñen PC na casa	37,1%	30,8%




Conexión a Internet

Nun dos indicadores máis significativos, Lugo amósase por debaixo da media galega no tocante á poboación conectada a Internet. A provincia luguesa está dous puntos por debaixo de Galicia, co 15,2% dos cidadáns con conexión a Internet. En cambio, na Unión Europea a porcentaxe de cidadáns conectados a Internet é moi superior: do 40%.

A principal razón que xustifica que Lugo estea por debaixo da media galega está no grande peso que ten nesta provincia o medio rural, onde as conexións a Internet son máis escasas.

	Galicia	Lugo
Non	82,4%	84,8%
Si	17,6%	15,2%






Métodos de conexión a Internet

A conexión a Internet por módem segue sendo o método máis empregado en Lugo con moita diferenza. A ADSL e a opción da banda ancha (que emprega liñas telefónicas convencionais) é o segundo método máis empregado co 8,9% das conexións en Lugo. É chamativo tamén a alta porcentaxe de conexións a Internet vía teléfono móbil, o que se xustifica pola dispersión xeográfica da provincia que normalmente propicia este tipo de accesos inarámicos á Rede.


	Galicia	Lugo
Módem analóxico	64,6%	73,2%
ADSL	13,5%	8,9%
RDSI	7,5%	4,5%
Cable	5,5%	n/d
Teléfono mobil	4,0%	8,9%



Tarifa plana

Ainda que os prezos da tarifa plana son máis altos en Galicia que na meirande parte de Europa, a taxa de conexións contratadas con esta opción son moi elevadas tanto en Lugo como en toda a comuniade. Nes te senso, o 58,2% dos lugueses contratan a tarifa plana, unha cifra superior ó 57,1% da media galega.

	Galicia	Lugo
Non	42,9%	41,8%
Si	57,1%	58,2%






¿Sabe que é o comercio electrónico?

A falla de información sobre o comercio electrónico e Internet é patente. En Galicia, máis da metade dos galegos descoñecen o que é (o 50,7%), polo 49,7% dos lugueses. Estes datos amosan ás claras a necesidade de información na nosa comunidade neste eido.


	Galicia	Lugo
Si	49,3%	50,3%
Non	50,7%	49,7%



Internautas galegos que mercaron por Internet. Desglose por provincias.

Os galegos empregamos pouco Internet para facer as nosas compras, como amosa o e-Barómetro. Nes te eido, cómpre salientar que tan só o 8,4% do total de internautas da nosa comunidade (que representan o 17,8% da poboación) mercaron durante o 2002 a través da Rede. Des tes consumidores *on line*, a metade son da provincia de A Coruña (50%), o 32,1% de Pontevedra, o 10,7% de Ourense e o 7,1% de Lugo, que é a provincia galega que menos emprega Internet como canle de compra.


	Galicia
Non	91,6%
Si	8,4%





	Galicia
A Coruña	50,0%
Lugo	7,1%
Ourense	10,7%
Pontevedra	32,1%

Internautas galegos que mercan na Rede (desglosado por provincias)



Razóns polas que non merca por Internet

Os usuarios de Internet lugueses aínda teñen serios recelos á hora de mercar na Rede. Varias son as causas que esgrimen para non recurrir ó comercio-e. Neste senso, a falla de confianza segue sendo a barreira máis grande, como amosa que o feito de que o 44,1% dos internautas lugueses cren que as compras non son seguras. Ademais, o 35,3% prefere ver o produto antes de mercalo e o 23,5% prefiren comprar de xeito tradicional. No trasfondo da cuestión, queda patente o descoñecemento das posibilidades do comercio electrónico para o consumidor.

	Lugo
Transaccións non seguras	44,1%
Ver o produto antes de compralo	35,3%
Lexislación escasa	20,6%
Preferencia dos modos tradicionais	23,5%
Prezos altos	11,8%

Razons polas que non compra en internet

